

andando a terra

O MENCÍNEIRO DE LARIN

O meu amigo Paco Arrizal, dí láñez — e que o sexa por moitos anos — contou-me, non hai muito tempo, a vida, milagres, sucesos, curacíos, prodixos, métodos e xelos de curación do Mencíneiro de Larin das revistas que dá dí Larin, que no hai molto salto ás illas — como se decía na miña infancia e mocidade — dos xornais provinciales — os cecáis provincianos — editados en Galicia e delgunha revista sensacionalista que es edita en España e que circula por todo o ámeto do chamado territorio nacional». Réfrome craro está, pois non son tolo, a unñelro e non como A NOSA TERRA que só dá información veraz, Ideas e clarificación ideolóxica, verbo de nós mesmos:

Larin está ó pé de Céltigos, na bisbarra de Sarria e na provincia de Lugo. Céltigos é coñecido e ainda famoso polas súas augas medicinais, que van ser reguladas pola chamada «Xunta de Galicia». — véxase o artigo 148-10º da Constitución Española pra que digan — polo apeadeiro de ferrocarril na liña «La Coruña-Palencia» e

polo Señor Mencíneiro de Larin, ó que acuden doentes de toda Galicia, Portugal, do Principado de Asturias, do Reino de León e por suposto emigrantes galegos que andan por todo o mundo e maiormente polos países do Mercado Común Europeo, no que quere entrar o goberno do señor Suárez, que está en Madrid, e no que os nosos emigrantes entraron a sair e voltaron entrar e así sucesivamente hai moitos anos pra desgracia deles e de Galicia.

A terra de Céltigos, sulcada e regada por varios regatos ou regueiros, como unha centelleira agarimada polo trío de maio, chea de potentes, fermosos e centenarios carballeos, tén unha paisaxe sobria e case me strevería a escribir que masculina. E que as feministas me perdoen. Larin é un elemeno máis desta paisaxe que describimos xa sumariamente. E tamén o seu Señor Mencíneiro, que cecáis si él sabeño nin decetarse, tén facultades curadoras que tinan os nosos devanceiros, as celas que lle deron nome ó pobo de Céltigos. O meu comunicante, conversante e

amigo Paquín Arrizado non me soupo d'evear este misterio dun xeito competente. Ando que, ó falarme do Señor Mencíneiro de Larin, os seus ollos ficanse máis expresivos e brillantes. Brillo que por outra banda — a miña compañeira e a de Paco Arrizado, que por certo é monfortina e chámase Elena Mosquera son testigos — podía ser provocado polo viño da Armandi — vñlio novo da collita desta ano — que nos servía a señora Xosefa, a do «Bar Xardín» que é unha señora moi atenta, moi fina e moi boa cocheira. Vós ben vos decatacades do que pasa nestes casos solemnes e transcendentales. E deixemoos xa de metafísicas.

Poio si ou polo non hai que ir a Larin no intre en que sexa preciso tomar consulta. Segundo nos enseña Castelao, a consulta de médico é menos grave que a consulta de abogado. Como diría tamén Castelao, un mencíneiro non téñ licencia oficial pra matar. E un médico, sí. Un cavila, seguindo a doctrina do esgrivo rianxeiro, que a consulta do mencíneiro é menos grave que a do médico. O señor Mencíneiro de Larin

polo que sei, a polo que Paco Arrizado me informou é unha especie de inspirado. Tén unha grande e profunda fe. Non lle quere mal a ningúen a non ser os donos dunha taberna. E seíca que esa fol a cuestión pola que denunciaron ó curador. Polo menos esa é a historia que se conta e que corre polas linguañas do mundo.

O Señor Mencíneiro de Larin non receta cousa ninguna. Escolta ó doente con moita calma e paciencia. Despois deixao solo por unhos instantes. Logo volta a xunto do paciente e diagnostica:

—Tí tés unha varicela no fidalgo.

Ou:

—O que che pasa a tí é que tés unha alegria no sangue.

Ou o diagnóstico que sexa. E si receta algo é cama. E nada máis. Os doentes vanlle facendo visitas e o curador valles dando parte, moi puntualmente, de como vai evoluindo a doença. E así deixa que os cura. Non cobra estipendio nin honorarios pola consulta. Somente a vontade. Contaré que fixo milagres. E que unha panadeira de Monforte de Lemos,

á que curou de que non sei que mal, polo visto, mandello pan pra todo o ano. E de cancho en vez unha empanada, que neste forno monfortino salen mol ben cocidas e sabedoras. Esta señora panadeira, no ano que corremos e que xa tén pouco que correr, non sei si podaría agasallar ó seu curador cunha empanada de papuxas, que teñen sona, e her cumprida en toda esta tribu e nas do arredor. Este ano non viñeron papuxas. E as poucas que se pillaron pagaronse a disparate.

O Señor Mencíneiro de Larin é un home pequenuto, mais lo grosa, hornille, moi cumplidor dos seus deberes felixiosos, moi llano él e moi politito falando, aínda que o parecer é de poucas palabras. Cando fala faino dun xeito repousado. Semella un labrego calquisira. Un home do común como si dixéramos. O dílate e falar con él, ningúen podería sospeitar que o Señor Mencíneiro de Larin é un home de tanta sabencia e tan curador él. Moitas veces os homes, as cousas e os feitos non son o que parecen.

M. HORTAS VILANOVA